



Murguía: A razón da nación galega



O ingreso de Galiza na Sociedades de Nacións e o Galeuzca



Soberanía e cambio político na Galiza



Foto: Vía Galega

Delegación de Vía Galega, Galiza Cultura e da comisión promotora na entrega das sinaturas da ILP para a restauración do texto fidedigno do himno galego

A NACIÓN GALEGA NOS SEUS SÍMBOLOS

No último trimestre do ano pasado, Vía Galega poñía en andamento a campaña "Os símbolos nacionais de Galiza", co propósito de popularizar e propagar o himno e a bandeira, coñecer a súa xénese, historia e significado, ao tempo que iniciaba unha campaña para restaurar o texto do noso himno.

Conscientes da importancia que teñen os nosos símbolos para fortalecer a autoestima colectiva e para avanzar na toma de conciencia nacional, promovemos unha campaña por toda a xeografía galega consistente, entre outras accións, na realización de numerosas palestras e a edición dunha publicación sobre o himno e a bandeira da autoría dos profesores Manuel Ferreiro e Xoán Costa.

Coincidindo co aniversario dos 104 anos da I Asemblea nacionalista das Irmandades da Fala, celebrada en Lugo o 18 de novembro de 1918, desenvolvemos, do 14 ao 19 de novembro, diferentes actos e accións de afirmación patriótica arredor da nosa bandeira, exhibindo e colocando miles de bandeiras galegas por todo o país. O día 19, rematamos cunha acción expansiva por toda Galiza consistente nun acto de colocación e izado bandeira galega en 205 localidades de 151 concellos.

"DURANTE ESTE PRIMEIRO SEMESTRE, MARCAMOS COMO OBXECTIVO, CON DIFERENTES INICIATIVAS, PROMOVERMOS A RESTAURACIÓN OFICIAL DO TEXTO FIDEDIGNO DO NOSO HIMNO"

Vía Galega continuará no empeño de que todos os concellos e vilas coloquen bandeiras galegas en lugares visíbeis para que permanezan no futuro, pois, se para todos os países os seus símbolos son importantes, para unha nación como a galega, sen estado de seu e sometida durante séculos a un proceso de total asimilación, cobran maior relevancia.

Durante este primeiro semestre, marcamos como obxectivo, con diferentes iniciativas, promovermos a restauración oficial do texto fidedigno do noso himno. Para iso, levamos a cabo a súa gravación coa letra restaurada conforme o texto orixinal de Eduardo Pondal, a cargo do "Grupo Vocal Sólo Voces" e do grupo instrumental "Lucus Ensemble". Mais tamén temos que salientar a publicación dun caderno, cunha tiraxe de 12.000 exemplares, no que o profesor Manuel Ferreiro examina a xénese e historia do

himno e analiza as alteracións e erros que se foron transmitindo, alleos á vontade de Pondal, coa proposta para corrixilos e recuperar a letra orixinal.

Mención especial merece a presentación, a iniciativa de Vía Galega e Galiza Cultura, da "Proposición de lei de Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión", promovida por unha comisión conformada por 30 persoas representativas de diferentes entidades e distintos sectores da sociedade. O día 8 de maio fixemos entrega no rexistro do Parlamento das 15.857 sinaturas recollidas de apoio a iniciativa, 5.857 máis que as necesarias. Toda unha evidencia da receptividade e interese de facer oficial o texto orixinal do noso himno. Numerosos concellos e as deputacións da Coruña, Lugo e Ourense, mediante declaracións institucionais ou aprobación de mocións, xa mostraron o seu apoio á ILP, xunto con numerosas entidades e asociacións.

A Proposición de Lei, na exposición de motivos, fai un breve recorrido histórico do noso himno e fíxase nas catro alteracións de importancia no actual texto do himno oficial: "1) Problemas de presentación formal e de puntuación, de forma que no texto oficial mesmo desapareceu a indicación de

que o texto é un diálogo (pregunta aos piñeiros, na primeira estrofa, e resposta destes nas tres estrofas restantes); 2) Presenza de formas lingüísticas alleas ao poema orixinal pondaliano, nomeadamente castelanismos e hiperenxebrismos (*ronco / rouco, iñorantes / ignorantes*); 3) Aparición de formas lingüísticas falsas, inexistentes no poema de Pondal e na lingua galega (*féridos / féridos*); 4) Deturpación da expresión orixinal mediante un proceso de banalización textual (*chan / clan 'pobo'*).

A parte propositiva da ILP reproduce a letra do himno restaurada, recolle a obriga para as institucións e as sociedades públicas da reprodución, canto e interpretación completa do himno e a realización por parte da Xunta dunha edición popular coa letra restaurada para distribuílo e divulgalo de forma masiva na sociedade galega, nomeadamente nos centros escolares e en todo

tipo de asociacións, grupos e entidades. Isto responde a que é unha constante e unha evidencia que a maioría das institucións, a comezar pola Xunta e o Parlamento, evitan cantar a segunda parte do himno polo seu contido e significado, alén de que unha parte da sociedade galega e dos e das escolares non saben a letra completa do noso himno.

Resulta sorprendente e inxustificábel que 39 anos despois de ser promulgada a Lei de símbolos de Galiza, que pasaran máis de 30 anos das concluíntes investigacións do Profesor da UDC, Manuel Ferreiro, nas que indicou os erros do actual texto oficial do himno en relación ao texto orixinal, e que van 27 anos desde que a deputada Pilar García Negro, como portavoz do Grupo Parlamentar do BNG, iniciou a loita parlamentar para restaurar oficialmente o texto do noso him-

no, aínda hoxe estea sen corrixir. Esta actitude para cun dos símbolos patrios só se pode entender desde unha actitude de desleixo e aversión para con todo o que nos conforma como pobo.

Agora, só resta o debate da ILP no Parlamento. Sería abominábel que, cando ninguén cuestiona que a proposta de restauración do himno está documentada e que recolle o texto orixinal de Pondal e co aval de preto de 16.000 sinaturas recollidas, o PP votase en contra da súa toma de consideración polo Parlamento. Non cabe xustificación para votar en contra, a non ser por desprezo absoluto ao que somos: galegas e galegos.

MURGUÍA: A RAZÓN DA NACIÓN GALEGA

PILAR GARCÍA NEGRO | Profesora da UDC e escritora

Pois que somos un povo distinto, debemos selo
(Murguía, 1891)



Castelao compón as estampas que integrarán o álbum *Nós* e exponas por varios lugares da Galiza entre 1916 e 1918, mais esta obra fundamental non aparecerá até 1931, editada en Madrid. No pórtico, o autor dá un aviso fundamental: a súa arte endexamais se apuntará a ser un estupefaciente; por isto, a Galiza que retrata non é a pasiva e resignada, a benquista pola política española, senón a real, con todos os problemas do pasado e daquel presente. Por que se edita en 1931 este álbum? Para demostrar que a Galiza existía, ás portas dun novo rexime, a II República española. Son as credenciais exhibidas face a unha nova institucionalización española, un aviso a navegantes.

Sirva este exordio para ponderarmos un outro feito fundamental, acaecido 66 anos antes, no inicio do derradeiro terzo do século XIX: a publicación do 1º tomo da *Historia de Galicia* (1865), de Manuel Murguía.

Un Murguía de 32 anos emprende un camiño historiográfico-nacional xusto no momento en que a monarquía isabelina fai augas, en crise aberta, e en que alborea a posibilidade dunha mudanza política en España que desembocará na revolución de Setembro de 1868. Tamén aquí asistimos a un cambio de rexime (o recambio monárquico, a instauración da efémera I República) que non vai supor en absoluto mudanza do funcionamento do sistema. A Galiza continúa marxinada e explotada. A *Historia* de Murguía representa tamén –para alén do seu precioso valor intrínseco– a presentación dunhas credenciais galegas: a Galiza existe como pobo específico –non a suma de catro provincias– e posúe unha historia de seu. Tal condición –a antigüidade do seu pasado, o valor da súa cultura, o seu patrimonio artístico, a posesión, en fin, dunha distintividade non asimilada á invención da España única– era vital proclamala e reivindicala nun tempo en que se acreditaba na existencia de povos “primitivos” e de povos con historia de seu. É, pois, a dos anos 60 unha década de auténtica eclosión patriótica: *Cantares gallegos* (1863), de Rosalía de Castro, inaugura a renacemento da literatura galega; a *Historia* de Murguía fará o propio no campo das ideas e da política (cumplicidade recíproca: o volume rosaliano está datado no día do 30 aniversario de Murguía; o 1º tomo da *Historia* deste, dedicado á súa muller). Cais son os seus presupostos, cal o seu contexto? :

1. Estabelecer unha diacronía completa da historia da Galiza, desde os seus primeiros habitantes até a contemporaneidade (labor que realizará 20 anos máis tarde, coa publicación de *Los Precursores*).
2. Abranxer todas as modalidades posíbeis da humanización do territorio e da cultura específica galega.
3. Prestar especial atención á lingua, xa que lingua distinta acusa distinta nacionalidade.
4. Exhumar toda a documentación enterrada para demostrar, en exercicio de ciencia positivista, a existencia dun reino, dunha nación conformada desde a Idade Media con todos os atributos de tal.
5. Afrontar, con narración histórica demostrábel, a vaporización da Galiza na historiografía española: repudiar, pois, a *damnatio memoriae* e o persistente intento de construír unha historia falsificada dos reinos peninsulares do medievo.
6. Constatar como a dependencia do reino de Castilla trouxo para a Galiza olvido e sufrimento. Foi a Galiza quen tivo de organizar a súa propia defensa na loita contra o invasor francés.

7. Lembrar como o movemento rehabilitador da Galiza ten antecedentes ben valiosos no século XVIII, tanto na economía como na cultura (P. Feixoo, Cornide, Sobreira...).

8. Considerar "labradores y marineros" (cfr. Rosalía de Castro) a antonomasia da clase traballadora galega e o móbil da composición da súa obra: a súa epopea ha de ser celebrada poética e politicamente.

9. Concluir que "Este antiguo reino tiene todas las condiciones que se necesitan para formar una completa nacionalidad". A Galiza é unha nación que debe rexer os seus destinos, no combate contra a indiferenza e a pasividade longo tempo infixidas no corpo social e nos seus intelectuais.

10. Desexar que a obra sexa pedra angular do futuro edificio da historia da Galiza, sobre a base de a construír no relato das glorias, das dores, das esperanzas e dos novos triunfos esperados do povo galego.

Por volta de 200 galegos foron os subscritores (patrocinadores) desta obra, que é, con efecto, pedra angular da historiografía galega e da Galiza sentida e pensada como nación. A semente, a pesar de todos os pesares, frutificou e chega aos nosos días. 1916, 1923, 1931... marcan fitos fundamentais da nosa historia contemporánea. Cen anos xustos após o nacemento de Murguía, nacerá Bautista Álvarez, cofundador da Unión do Povo Galego, que se constitúe exactamente cen anos despois de Murguía procurar os apoios institucionais e privados para dar cabo á edición da súa primicia.

"Pois que somos un povo distinto, debemos selo". Mandato murguiano que aínda nos interpela e nos compromete ás galegas e galegos de hoxe.



Congreso de nacionalistas galegos e cataláns con presenza de Castelao e Otero Pedrayo

O INGRESO DE GALIZA NA SOCIEDADE DE NACIONS E O GALEUZCA

XOSÉ ESTÉVEZ | Profesor de Universidade e historiador

O Galeguismo, xa dende os tempos das Irmandades da Fala, sempre tivo unha vocación universal e o fervente degaro de ingresar na Liga de Nacións primeiro e máis tarde na Sociedade de Nacións.

A SDN fundouse o 28 de xuño de 1919 na Conferencia de Paz de París e entrou en vigor o 10 de xaneiro de 1920, vinculada, polo tanto, ao Tratado de Versalles. O seu principal obxectivo era acadar unha nova orde mundial que evitase novos conflitos. Un dos aspectos máis salientables da súa actividade foi o tocante á protección das minorías nacionais. A SDN permitiría a creación dunha sección de Minorías Nacionais, cuns requisitos para ingresar nela. Esta sección organizou a celebración, a partir de 1925, duns Congresos de Minorías Nacionais ou de Nacionalidades Europeas.

O PG na súa asemblea fundacional, celebrada en decembro de 1931, declaraba Galiza "célula de universalidade" e procuraba a internacionalización mediante o ingreso na SDN. Os cataláns ingresaron nela a través da participación nos Congresos de Nacionalidades Europeas ou de Minorías Nacionais en 1926, os vascos en 1930 e os galegos o 16 de setembro de 1933.

Mais o ingreso de Galiza resultou unha derivación directa do movemento Galeuzca, que transcorreu en varios chanzos. Agromou no II Aberri Eguna, celebrado o 16 de abril de 1933 en Donostia, e rematou o 11 de agosto do mesmo ano durante a viaxe triangular en Barcelona.

O II Aberri Eguna foi titulado co significativo título de "EUZKADI-EUROPA" polo Gipuzko Buru Batzar do PNV, presidido por Teleforo de

Monzón. Mesmamente este persoeiro no seu discurso do mitin central guindou un chamado a prol da renovación da Triple Alianza de 1923 e a presentación conxunta en Europa dos tres contenciosos periféricos do Estado español: galego, vasco e catalán. Outro tanto faría Manuel de Irujo en conferencias e artigos posteriores á celebración da festividade vasca.

A ela foron convidados Otero Pedrayo, polo PG, Maspons i Anglasesell, do PNC, e asiduo concorrente catalán aos Congresos de Nacionalidades Europeas, e o secretario destes Congresos, Ewald Ammende, quen tamén insistiu na necesidades de concorrer a estes foros. Otero Pedrayo aproveitou a ocasión para convidar a Ammende a visitar Galiza a finais de abril para coñecer in situ o movemento galeguista e os caracteres nacionais que adornaban a identidade galega.

Dende esa data en todas as conversas, contactos, anteprojectos, pactos e compromisos que configuraron o movemento Galeuzca entre abril e agosto de 1933, concretado no Pacto de Compostela, asinado o 25 de xullo en Santiago incluíuse o acordo de propiciar de xeito conxunto tripartito o ingreso de Galiza no Congreso de Nacionalidades Europeas da SDN a celebrar en Berna ou Xenebra en setembro. Así aconteceu o 16 dese mes coa participación de Plácido Castro, o dirixente máis preparado do PG na faceta internacionalista, quen leu un informe elaborado por Vicente Risco.

O Pacto de Santiago de Compostela incluía a seguinte cláusula encol da avinza das tres nacións a prol da *»propaganda a aizón internazonal nos asuntos que atingan ás tres nazonalidades»*.

Don Manuel de Irujo durante a viaxe triangular aseguraba que *»o problema de resolución máis urxente pra o galeguismo é o ingreso na seición de minorías da Sociedade de Nacións, onde temos de concurrir pra asamblea de Setembro. Isto suporía darlle ao galeguismo unha categoría internazonal e conquistar unha posición ventaxosa pra o día de mañán»*.



Intervención de Castelao nun acto de Galeuzca
Montevideo, 1945

Castelao desprazárase a Barcelona para intervir na secuencia final da viaxe e contáballe en carta a Bóveda o 14 de agosto que os participantes galeuzcanos se comprometían a: *»crear un bloque Galeuzca nas Cortes e procurar o ingreso de Galicia na Sociedade de Nacións»* e engadía: *»Tivemos dúas xuntanzas para falar da entrada nosa na S. de N. Unha en Palestra e outra no Ateneo barcelonés. Acordamos, dende logo, asistir a Berna i entrar»*.

Na xuntanza do Ateneo, o 10 de agosto, logrouse que os representantes cataláns, Estelrich e Maspóns, se comprometesen a recadar do Consello do Congreso de Minorías Nacionais a fixación da cota mínima de ingreso para Galiza.


Os convenios comprometidos no Galeuzca, polo tanto, supoñían o ingreso de Galiza no CME ou CNN da SDN en 1933, o seu recoñecemento internacional, a actuación conxunta vasco-galego-catalá no Congreso de Minorías Nacionais e a presentación nel da entente trinacional de Galeuzca e das súas bases programáticas.

PUBLICIDADE

TRADI GALU

Música tradicional. Bandas. Corais

Mais de 150 actuacións polas comarcas en colaboración con asociacións e concellos





Retrato de Luisa Cuesta Gutiérrez en 1939

MULLERES NO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

AURORA MARCO | Profesora da USC e investigadora

Para valorar na súa xusta medida a presenza das mulleres no SEG, é preciso lembrar que, até 1910, non se produciu a súa entrada oficial nas universidades e, como é sabido, o Seminario, fundado 1923, foi unha entidade ligada á universidade compostelá, centrada na realidade galega, e unha escola para a formación de investigadoras/es; punto de referencia ineludíbel da vida cultural e científica nos trece anos de andadura até a chegada da barbarie fascista en 1936.

Desde 1910, as mulleres foran accedendo pouco a pouco á USC, mais, na década de 1920, o número das que pisaron as aulas universitarias era moi reducido. Por esa razón a súa presenza no SEG foi case testemuñal, sobre todo ao comezo. Porén, só pasaran tres semanas desde a súa constitución cando foi proposta a primeira muller que fixo parte da entidade, Carmiña Sierra Domínguez, a cesureña que percorreu o século XX (1906-1996), de 17 anos de idade e estudante de 2º curso de Filosofía e Letras, na altura. Unha grande descoñecida, por pouco tempo: catedrática de Lingua e Literatura españolas, con docencia en institutos de ensino medio, republicana, militante do PCE, colaboradora da resistencia antifranquista en Galiza, estivo encarcerada tres anos en Ventas e, a comezos dos 50, exiliouse en Venezuela.

A vallisoletana Luísa Cuesta Gutiérrez (1892-1962) entrou no SEG en outubro de 1924. Chegara a Compostela como bibliotecaria da USC, a primeira, traballo que completou coa docencia e a investigación. Nos nove anos de residencia en Galiza deixou unha pegada perdurábel e, entre a súa extensa obra, deixou traballos sobre a emigración galega, a imprenta en Santiago, as orixes da biblioteca compostelá ou

sobre a USC. Acusada de "extremada esquerdista" após o golpe militar, foi sancionada co traslado forzoso do seu destino na Biblioteca Nacional de Madrid, durante uns anos.

A pintora coruñesa María Corredoira (1893-1970) ingresou na entidade científica en abril de 1928 coa presentación do óleo "Cabeza". Cunha carreira expositiva ininterrompida, en 1920 iniciara unha etapa como pintora profesional, feito excepcional naquela altura para as artistas plásticas. Cunha obra expoñente da pintura galega, gozou de grande consideración. Tras a guerra (in)civil, dedicouse á docencia na Escola de Artes e Oficios da Coruña.

En outubro de 1929 ingresou a ensinante e ensaísta Sara Leirós Fernández (1897-1978) co traballo *El P. Feijóo. Sus ideas crítico-filosóficas*, publicado posteriormente. Natural de As Neves (Pontevedra), estudou en Pontevedra, formouse na Escola de Estudos Superiores do Maxisterio de Madrid e exerceu nas Escolas Normais de Ourense e Santiago de Compostela. Á súa actividade académica, formativa e de extensión cultural, hai que engadir varias publicacións pedagóxicas e outras de marcada espiritualidade.

No mesmo mes e ano entrou Josefa Iglesias Vilarelle (1883-1966). Compostelá de nacemento, viviu desde moi nova en Pontevedra onde estudou Maxisterio. Exerceu a docencia en varias escolas até chegar a Mourente, onde se xubilou. Colaborou na sección de Pedagogía do SEG, que se ocupaba da problemática lingüística no ensino, entre outros temas. Nesa liña cómpre situar o seu *Método de lectura*, primeiro texto didáctico escrito en galego para o ensino da lectura, que viu a luz en 1932 nas publicacións do Seminario.

Un dos seminaristas que incentivou a incorporación das mulleres nas equipas de investigación, e no SEG, foi o xeoquímico Isidro Parga Pondal. Dúas alumnas de Ciencias, das que se coñecen poucos datos, Dolores Lorenzo Salgado (Lugo, 1905- ?) e Amparo Arango Fernández (A Habana, 1907- ?), ingresaron en novembro de 1929: a primeira co traballo "Sobre la presencia de la magnetita y la ilmenita en las arenas de las playas gallegas", asinado en coautoría con Isidro Parga en *Archivos do Seminario de Estudos Galegos* (1930); a segunda, tamén discípula de Parga Pondal, ingresou co traballo "Contribución al estudio de los minerales de wolframio de Galicia: III. Análisis de las wolframitas de Juno, Monte Neme, Casayo, A Veiga y Vilacoba", asinado en coautoría co científico galego en *Anales de la Sociedad Española de Física y Química* (1930).

Non é descoñecida María Pura Lorenzana Prado (1907-1997), natural de Vilasante (O Saviñao), unha muller carismática, ben coñecida no ambiente universitario compostelán, mestra e licenciada en Filosofía e Letras, que iniciou unha brillante carreira docente en institutos, na USC e, máis tarde, na Inspección de Ensino Medio. Ingresou no SEG en maio de 1930 e fixo parte da campaña para o estudo das mámoas do Saviñao con Cuevillas e Fraguas, que deu pé á publicación "Mámoas do Saviñao. A anta de Abuime e a necrópole do Monte da Morá", en *Archivos do Seminario de Estudos Galegos* (1930). Fundadora do Instituto Rosalía de Castro de Santiago.

No SEG houbo tamén socias protectoras, como a filántropa Ángela Santamarina Alduncín, a farmacéutica Emilia Álvarez Álvarez, a química Encarnación Fraga Padín ou a xa lembrada Josefa Iglesias Vilarelle.



Fundación do Partido Galeguista

O NACIONALISMO GALEGO A INICIOS DO S.XX. DAS IRMANDADES DA FALA AO PARTIDO GALEGUISTA

ÚXIO-BREOGÁN DIÉGUEZ | Profesor e director da Cátedra de Memoria Histórica da UDC

O 18 de maio de 1916, ao chamado de Antón Vilar Ponte, constituíase na Coruña a *Hirmandade dos Amigos da Fala*. Recollendo a tradición do galeguismo previo, nacia explicitamente o nacionalismo galego coas Irmandades da Fala. As IF conformaríanse arredor da defensa da lingua galega, como elemento central da existencia da nación galega; reivindicando un *poder galego* que lexislase e gobernase ao servizo da maioría social galega (fronte a un centralismo español que auspiciaba o caciquismo, un inxusto sistema tributario, os foros...). A evolución das IF fica ben condensada a través do seu voceiro, *A Nosa Terra*.

O manifesto da I Asemblea Nacionalista

As IF aprobarían un 'regramento', a modo de estatutos, que se presentou o 12 de xuño do 1918 no Goberno Civil da Coruña para a súa legalización. Cando o devandito documento estaba a se legalizar, as IF deseñarían a súa primeira asemblea nacional, na que fixaren a súa folla de ruta. Daquelas a militancia das IF oscilaría entre os 400 e os 700 afiliados (Berañendi, 2007), destacando un nutrido grupo de mulleres que conformarían na Coruña a sección feminina en agosto daquel ano (Marco, 2020).

O lugar marcado para o encontro sería Lugo, onde "*houbera a ja histórica [assemblea] na que*

Antolín Faraldo pedía a independencia da nosa terra que se desbotou por un voto" (ANT, nº70, 1918). Entre o 17 e o 18 de novembro do 1918 celebraríase a "I Asambrea Nazionalista Galega", encamiñada a conseguir "*a autonomía integral da Nación Galega*". Naquela cimeira aprobaríase un programa-manifesto que até 1931 guiaría o axir do galeguismo político, inaugurando explicitamente o *nazonalismo galego*. Documento no que se demandaría, entre outros, a constitución dun 'Poder Autónomo Galego' e dun 'Xuntoiro ou Parlamento galego', así como dunha 'Federación da Iberia' (ANT, nº73-74, 1918).

Diversidade interna e proxección internacional do nacionalismo galego

No seo das IF coexistían militantes de esquerdas e de dereitas; e militancia profundamente laica xunto a outra acusadamente católica. Os diferentes perfís que cohabitaban nas IF darían lugar a acedos debates..., tal e como sucedeu no referido a se debían concorrer as IF ás eleccións españolas e municipais. Malia a oposición dalgúns sectores (con V. Risco á cabeza), concorrerían varios candidatos das IF ás eleccións municipais de 1920. Na Coruña saíra electo L. Peña Novo (quen se sumaría a X. Iglesias Roura, militante das IF electo con anterioridade e que volvería obter daquelas acta na Coruña).

Doutra banda, daquela as IF principiarían os acordos co nacionalismo vasco e catalán, dando lugar á Tripla Alianza en 1923 (Estévez, 2009), así como coas nacións sen Estado do arco atlántico, sobre todo co movemento independentista irlandés (Diéguez, 2020). Ora ben, desde setembro daquel ano (até xaneiro de 1930) as IF non poderían seguir realizando con normalidade o seu labor polo golpe militar e ditadura capitaneada por M. Primo de Rivera.

Das IF ao Partido Galeguista

No final da ditadura unha parte das IF colaboraría na creación da Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA), encabezada por S. Casares Quiroga. Mais ao constatarase que a ORGA non priorizaría a loita por un Estatuto de Autonomía para Galiza, as IF e pequenos partidos republicano-galeguistas traballarían para dar lugar a unha nova organización política. Un proceso que se aceleraría coa proclamación da II República o 14 de abril de 1931, diante da que as IF e o Seminario de Estudos Galegos presentarían o seu proxecto de Estatuto galego, no que se marcaba como obxectivo estratéxico a creación dun "*Estado galego libre dentro da República federal española*".

A introdución social do nacionalismo galego nesa altura ficaba patente tras obter dúas actas

para as Cortes constituíntes republicanas (D. Rodríguez Castelao e R. Otero Pedrayo); mais tamén coa proclamación do simbólico Estado galego o 27 de xuño, a partir dunha mobilización operaria (Diéguez, 2015).

Entre o 5 e 6 de decembro de 1931 desenvolveríase a VII Asemblea Nacionalista en Pontevedra, presidida por A. Bóveda e P. Basanta, oficializándose a creación desa nova organización patriótica impulsada polas IF: o Partido Galeguista. O PG sería a organización política do nacionalismo galego durante a II República, que priorizaría a "...autodeterminación política de Galicia dentro da forma de goberno republicana" (PG, 1933), cunha orientación netamente de esquerdas. Con máis de 5.000 afiliados en 1936 (e un milleiro de mozos integrados nas súas mocidades), o PG daría lugar a unha penetración única até aquela altura para o nacionalismo galego

(conseguindo o recoñecemento internacional de Galiza como nación no IX Congreso de Nacionalidades Europeas, en setembro de 1933, con P. Castro á fronte).

O grande labor realizado polo PG ficaría evidenciada no masivo apoio que conseguiría en favor do Estatuto de Autonomía, tanto na Asemblea de Concellos de 1932, como no plebiscito de 1936. Aliás, se ben nas eleccións de novembro de 1933 o PG non conseguiría deputado ningún, nas eleccións de febreiro de 1936 obtería tres actas, a de D. Rodríguez Castelao, a de R. Suárez Picallo e a de A. Vilar Ponte, sumando case 300.000 votos. O ascenso extraordinario do nacionalismo galego no tempo republicano, evidenciado tamén coa obtención de varias alcaldías, como a de Compostela na que ficaba á fronte A. Casal, foi interrompido abruptamente polo golpe militar de xullo de 1936.



RECOÑECEMENTO INTERNACIONAL DE GALIZA NACIÓN



16 SETEMBRO
MUSEO DO POBO GALEGO
COMPOSTELA



PROGRAMA DO CONGRESO

A Sociedade de Nacións e o recoñecemento internacional de Galiza nación en 1933

Xosé Estévez, *profesor de universidade e historiador*

O nacionalismo galego no primeiro terzo do s. XX. Das Irmandades da Fala ao Partido Galeguista (1916-1936)

Uxío-Breogán Diéguez, *profesor e director da Cátedra de Memoria Histórica da USC*

A significación de Plácido Castro na proxección internacional de Galiza. A voz galega no exterior

Xulio Rios, *fundador da IGADI e presidente de honra. Dirixe a Fundación Plácido Castro*

A Unión Europea como supraestado nesta etapa do capitalismo monopolista

María do Carme Garcia Negro, *profesora de universidade e directora do Centro de Documentación Europeo da USC*

Galiza: o marco político actual e a súa necesaria superación

Francisco Rodríguez, *profesor e ensaísta*

As nacións sen estado na actual Europa. O dereito de autodeterminación dos Pobos

Representantes Galiza, Irlanda, Euskadi, Cataluña

Edita: **Vía Galega**
Diagramación: **Sapín desenho gráfico**
Imprime: **Imprenta Brasil**. Tiraxe: **2.000 exemplares**
DL: 1085-2023
Distribución gratuita. Permítese a reprodución total ou parcial dos artigos sempre que se cite fonte.

www.viagalega.gal
correo-e: coordinadora@viagalega.gal
twitter: [@viagalega](https://twitter.com/viagalega)
facebook: [@PlataformaSocialViaGalega](https://facebook.com/PlataformaSocialViaGalega)



Actividade subvencionada pola:

**Deputación
DA CORUÑA**



Foto: GZFOTO

SOBERANÍA E CAMBIO POLÍTICO NA GALIZA

ANXO LOUZAO | Coordinador de Vía Galega

O horizonte dunha nación dependente e negada como a galega é construír o camiño para acadar a plena soberanía nacional. Romper as cadeas da subordinación e sometemento para emanciparse e edificar un futuro libre, con mando nas decisións económicas, culturais e sociais. Contar con todas as estruturas de estado e poder de decisión para responsabilizarse e planificar o presente e futuro da nación, conforme os intereses colectivos e co obxecto de labrar unha sociedade do benestar para todas e todos.

Cada país enfrenta o seu percorrido soberano en función da súa historia, conciencia e vontade colectiva e a idiosincrasia do seu pobo. O nacionalismo galego foi e é consciente de que a nosa liberación nacional se vai construíndo día a día mediante a articulación da sociedade en organizacións propias en todos os ámbitos, con centro de decisión en Galiza para evitar que outros decidan por nós, centradas na nosa problemática e na defensa dos nosos intereses nacionais e sociais.

A vontade de sermos nós mesmos, de realizármolos plenamente como galegos e galegas, necesita alimentarse co fortalecemento e alongamento da conciencia nacional, combater o papel colonial que se lle ten asignado a Galiza e rexeitar o espolio dos nosos recursos. Sabemos das nosas inmensas potencialidades coas que contamos para valermos por nós mesmos e da vital necesidade de vivirmos na nosa cultura e no noso idioma.

Padecemos un marco constitucional español que prohíbe o exercicio da autodeterminación, dereito colectivo inalienábel de toda nación. A Constitución do 78, acordada co réxime franquista, fixa un marco político-xurídico españo-

lizador e centralista e mantén a nosa dependencia e opresión. As prerrogativas importantes corresponden ao Estado e as competencias transferidas son poder outorgado, reservándose o dereito a intervir ou suspender a propia autonomía, tal como se constatou coa aplicación do artigo 155 en Cataluña, o que evidencia, máis unha vez, que o exercicio do dereito a decidir está perseguido polo actual marco constitucional.

Infelizmente, soportamos desde que se promulgou (1981) o Estatuto de Autonomía (agás os intervalos que van de 1987-1990 e de 2005-2009) 34 anos de gobernos do PP que, nin sequera, estiveron dispostos a exixir as poucas competencias que se desprenden do actual Estatuto. Así, nestes últimos 14 anos non se transferiu ningunha competencia a Galiza. Pois ben, aínda tendo en conta os límites do actual marco xurídico-político, non é indiferente, senón que é fulcral que o nacionalismo ostente o goberno na Galiza. Co actual Estatuto non é posíbel un autogoberno real con capacidade para resolver moitos dos nosos problemas, por iso debe tornarse en obxectivo político prioritario a súa superación.

Concordaremos que durante todos estes anos sufrimos gobernos do PP, extremadamente españolizadores e neoliberais, ao servizo de España, totalmente entregados a intereses alleos e antigalegos. Gobernos subordinados ás elites, ao capital, que continúan expulsando a nosa mocidade á emigración, que espoliaron os nosos recursos; destruíron o medio ambiente; afogaron a nosa base produtiva e o noso tecido industrial; entregaron o noso aforro á banca privada e obsesionáronse en perseguir e legislar e contra do noso idioma.

O cambio político na Galiza precisa dun programa que, tendo en conta que a estratexia do movemento nacionalista é acadar a plena soberanía, procure un novo status político que nos recoñeza como nación, e así iniciar un proceso de transformación ao servizo das maiorías sociais, do desenvolvemento sostíbel e dos intereses do país. Un cambio político que legisle en prol do uso e normalización do noso idioma e cultura. Promova un modelo de financiamento propio (concerto económico) imprescindible para asegurarmos os ingresos necesarios para sufragar uns servizos públicos de calidade e unha atención adecuada aos coidados. Aposta por unha banca pública galega e a creación dun sector público galego de enerxía, a comezar polo rescate dos saltos de auga. Proceda a paralizar a eucaliptización do noso territorio, a invasión dos parques eólicos, o espolio dos nosos recursos e a fuxida dos nosos aforros. Active a nosa base produtiva e os sectores punteiros da nosa economía. Cree emprego de calidade. Impulse o marco galego de relacións laborais. Promova un modelo educativo galego e na nosa lingua. Sen esquecermos a obriga de impulsar a conciencia nacional e fortalecer a autoestima colectiva para que Galiza exerza como nación.

Canto máis tempo pase será máis difícil desarmar as políticas sociais e económicas aplicadas até o de agora, letais para as clases populares e para o país. Proseguiría a españolización exacerbada, o noso idioma continuaría perdendo falantes; seguiría agonizando a nosa base produtiva; o país permanecería entregado e conducido por intereses alleos e manteríase a irrelevancia política de Galiza. Urxe, pois, un cambio de rumbo político que só pode vir da man dun goberno nacionalista.